

A CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO CASTRO DE VILADONGA

A primeira condición para que se valoren os restos arqueolóxicos é que sexan lexibles e comprensibles. A nosa responsabilidade é conservar o castro de Viladonga e, cando é preciso, restauralo e mantelo sempre en bo estado para que sexa entendido, valorado e respectado no presente e no futuro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



MUSEO
ARQUEOLÓGICO
DO CASTRO DE
VILADONGA

gálicia

1 FACTORES DE ALTERACIÓN

Dende 1971, ano no que comezaron as escavacións no Castro de Viladonga, sempre existiu preocupación pola súa conservación. Todas os xacementos arqueolóxicos ao aire libre sufren os efectos da intemperie. A acción durante séculos da choiva, o vento, as xeadas, a calor intensa, a neve, a vexetación, a acción do ser humano, o abandono etc. acaban producindo alteracións nas estruturas que poden comprometer a súa perdurabilidade.

As alteracións no castro de Viladonga débense a unha complexa interacción de factores entre os que destacan a propia composición da pedra e as condicións medioambientais da zona, cun duro clima de grandes contrastes de temperatura con abundosas chuvias e frecuentes xeadas e mesmo nevaradas; os métodos antigos de escavación, que, ás veces, teñen deixado a base dos muros descalzados, con algunas inadecuadas restauracións, e, finalmente, os dilatados períodos de abandono do castro dende a antigüidade ata o século XX.

1. A auga é a principal causa dos efectos destrutivos nos restos arqueolóxicos



2. A extrema climatoloxía acelera os procesos de deterioración das estruturas do castro



3. O abandono dos restos expostos á intemperie provoca unha incontrolada colonización biológica que deteriora e invisibiliza os restos arqueolóxicos



4. Os derrumbamentos son a consecuencia da interacción de varios factores de alteración



5. A exfoliación das laxes da pedra prodúcese pola oxidación da pirita, acelerada polos axentes medioambientais



6. Os antigos métodos de excavación deixaron algúns dos alicerces dos muros descalzados e inestables



7. As antigas restauracións, con materiais inadecuados como o cemento, provocan tensións entre a parte orixinal e a reconstruída dos muros



2

A CONSERVACIÓN DO CASTRO

As tarefas de conservación son imprescindibles para garantir a durabilidade do xacento e nun bo estado; pero como os efectos destrutivos da natureza son continuos, os traballos de conservación tamén deben ser constantes.

O castro de Viladonga conta cun Museo de sitio que permite realizar as tarefas de conservación preventiva, que consisten nun coidado continuado para manter o xacemento en bo estado. Ademais, o Museo proporciona toda a información necesaria

para que os visitantes poidan comprender e respectar os restos deste antigo poboado fortificado.

A conservación consiste nas tarefas ordinarias que permitan frear a deterioración natural do patrimonio arqueolóxico.

1. O Museo «in situ» ten a función de conservar, investigar e difundir tanto os restos que abeira como o propio xacemento




2. Vixilancia do estado de conservación para detectar alteracións



3. Limpeza periódica da vexetación



4. Achega de información aos visitantes para procurar que o coidado do castro se entenda como responsabilidade de toda a sociedade.



5. Fomento do uso correcto e sostible por parte dos visitantes



3 O PROCESO DE RESTAURACIÓN I

Cando as medidas de conservación non son suficientes e a deterioración chega a producir danos nas construcións do castro, entón é necesario realizar labores extraordinarios de restauración.

Este tipo de traballos véñense realizando dende os primeiros anos de escavación nos que, paralelamente á exhumación dos restos, se restauraban puntualmente as deterioracións dos muros. Dende o ano 2008 mudou este método de traballo e comezaron a restaurarse estruturas e barrios completos xa que, despois de experiencias pasadas, se comprobou que era o mellor xeito de garantir unha boa conservación a longo prazo.

Antes de proceder a unha restauración sempre se debe coñecer en profundidade as estruturas que se van restaurar, estudar como están e o porqué da súa deterioración para tratar de solucionar os problemas de forma respectuosa, pois trátase dos restos dun antigo poboado que conteñen moita información histórica que debemos preservar e transmitir.

1.

Estrutura antes da súa restauración




2.

Examinar e catalogar as alteracións de cada estrutura



3.

Debuxar con detalle o muro obxecto da intervención



4.

Numerar as lousas que se van desmontar




5.

Limpeza da cabeceira dos muros previa ao seu desmonte



6.

Limpar e desmontar os muros que van ser restituídos



4 O PROCESO DE RESTAURACIÓN II

Trala desmontaxe dos muros, comeza a súa montaxe. Trátase dunha restitución que debe garantir a integridade da estrutura pero sempre co máximo respecto ao orixinal. Os debuxos dos muros empréganse como «mapas» para colocar as pedras desmontadas no seu lugar orixinal, substituíndo as pezas danadas por outras en bo estado. Na restitución dos muros arránxanse outras alteracións como combamentos ou descalzados. Finalmente protéxense as cabeceiras da chuvia e os cambios de temperatura con lousas cubertas de tepes vexetais que fan que as estruturas restauradas se integren mellor na contorna do castro

además de achegar unha mellor «lectura» do castro. Nos pavimentos colócanse drenaxes que facilitan a evacuación de augas nos alicerces dos muros.

Todo o proceso de restauración documéntase con informes, fotografías, debuxos etc. que se recollen nunha memoria final.

7. Restituír os muros con fidelidade ao orixinal cos materiais adecuados e compatibles



8. Na restitución empréganse doulos morteiros de cal que emulan a coloración das argamasas orixinais ocre e vermella



9. Para que se poida distinguir a parte orixinal da parte restaurada colócanse cuarzos nos muros como elemento diferenciador



10. Colocar as lousas protectoras na cabeceira dos muros



11. Colocar drenaxes nos pavimentos



12. Foto final xa coas lousas e o tepes vexetal para protexer as cabeceiras




5

HISTORIAL DE INTERVENCIÓN

Ata o ano 2008 restaurábase unicamente a parte deteriorada das estruturas a medida que se ían exhumentando. Dende ese ano o proceso de restauración cambiou e agora restáuranse estruturas e barrios completos para garantir unha maior eficacia na preservación do castro.

Este cambio na forma de traballar foi consecuencia dun estudo exhaustivo realizado en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, onde se analizaron todas as alteracións e se propuxeron solucións para combatilas.



2008 2009 2010 2012 2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



gálicia